



## MÁIS DE 280 ALEGACIÓNS Á “ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL EN VILABOA”

**08.06.2010. Comunicado de prensa do Colectivo veciñal de persoas afectadas pola contaminación electromagnética de Bértola e de Esculca, e da Asociación pola defensa da ría (APDR)**

O colectivo veciñal de persoas afectadas pola contaminación electromagnética de Bértola e de Esculca, e a APDR veñen de presentar alegacións, avaladas por máis de 280 sinaturas, contra a aprobación unilateral do Concello de Vilaboa dunha ordenanza municipal de antenas de telefonía móbil, na consideración que esta ordenanza non ten en conta as inxerencias veciñais que solicitan medidas concretas de precaución e cautela como as propostas no Parlamento Europeo e na Axencia Europea de Medio Ambiente, e nas Recomendacións científicas actuais nas que se basean, para compatibilizar saúde e calidade do servizo.

Dende fai dous anos comezou un debate en Vilaboa, froito da preocupación veciñal en Bértola e en Esculca, denunciando o caos presente en Vilaboa e en Pontevedra sobre as antenas base de telefonía móbil: a falta de control municipal real sobre a súa legalidade, a súa localización e as súas emisións, que como empresas contaminantes coas que convivimos de cotío no noso medio, vese agravada en moitos casos por outras fontes de contaminación electromagnética como as liñas de alta tensión e a inxerencia sobre a falta de información e control das condicións de implantación dunha estación eléctrica ademais dunha subestación no mesmo núcleo poboacional.

As alegacións presentadas ao Concello de Vilaboa propoñen crear as bases de principio de cautela xa presentes parcialmente en algunhas normativas autonómicas e en numerosas ordenanzas municipais no estado español. En todo caso pensamos que unha futura normativa municipal proteccionista en Vilaboa debería ter en conta os seguintes puntos craves:

- **A PROTECCIÓN DE CENTROS OU LUGARES SENSÍBEIS**, entendendo como tales tamén o interior das vivendas ou calquera espazo de ocupación por unha mesma persoa durante 6 ou máis horas, **limitando a densidade de potencia permitida** como mínimo a  $0,1 \mu\text{W}/\text{cm}^2$  e, no seu caso, **a distancia** ao punto de emisión.
- **A PARTICIPACIÓN CIDADÁ**, que contemple a implicación e seguimento da veciñanza nos procesos de implantación e inspección das antenas.
- **O CONTROL MUNICIPAL DAS EMISIÓNS**, que na súa potestade inspectora estableza unha rede de Medición en tempo real, estipulando a aprobación da partida Orzamentaria correspondente que a garanta.
- **A INFORMACIÓN PÚBLICA**, cun acceso directo á información sobre o despregamento e a exposición da poboación ás radiacións en tempo real e non baseada en datos de medias.

Entendemos as alegacións presentadas coma se fose unha, solicitando en todo caso a volta a un novo proceso de negociación antes de aprobar ordenanza algunha.

Pontevedra, 8 de xuño de 2010